



Resolución reitoral de 10 de abril de 2026 pola que se resolve a convocatoria dos programas internacionais de mobilidade de docencia (STA) do persoal docente da Universidade da Coruña

Mediante resolución reitoral de 16 de xuño de 2025, establecéronse as bases reguladoras dos programas internacionais de mobilidade de docencia (STA) de persoal docente da Universidade da Coruña e procedeuse á súa convocatoria para o curso 2025/26.

O 31 de marzo de 2026 publicouse a proposta de adxudicación elaborada pola Comisión de selección, abríndose un prazo de cinco días no que non se presentaron alegacións.

Polo exposto, e en virtude do disposto nas bases reguladoras, esta Reitoría

RESOLVE:

1º) Aprobar a adxudicación de bolsas STA 2025/26 entre as persoas que presentaron as súas solicitudes ata o 25 de marzo de 2026, que se recollen no anexo.

2º) Ordenar a publicación desta resolución e notificarlla ás persoas adxudicatarias por correo electrónico, facéndolles saber que disporán dun prazo de cinco días naturais a partir da súa recepción para formalizar a súa aceptación, e que, unha vez formalizada a aceptación deberán asinar un convenio financeiro coa UDC que lles será remitido pola ORI por correo electrónico.

Contra esta resolución, que pón fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de Xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa ou, potestativamente, un recurso potestativo de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ambos prazos comezarán a contarse dende o día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Títulos e Internacionalización



ANEXO . Relación de beneficiarios

Programa de mobilidade	Apelidos e Nome	Centro	País	Institución destino	Inicio (data prevista)	Fin (data prevista)	Duración (días financiados)	Número horas docencia	Docencia en inglés na UDC	Axuda dieta	Axuda viaxe	Bolsa max. total prevista
Erasmus-STA Combinada	Lasa Álvarez, Begoña	Facultade de Ciencias da Educación	Greece	Dimokritio Panepistimio Thrakis	01/06/2026	05/06/2026	7	8	Yes	735	395	1130
Erasmus-STA Combinada	Alvarez García, Begoña	Facultade de Economía e Empresa	Lithuania	Vytauto Didziojo Universitetas	08/06/2026	12/06/2026	7	10	Yes	630	395	1025
Erasmus-STA Combinada	Castro Alonso, Vicente	Facultade de Ciencias da Educación	Italy	Università degli Studi di Modena e Reggio Emilia	11/05/2026	15/05/2026	7	4	No	840	309	1149
Erasmus-STA	Anido Martínez, Cristina	Facultade de Economía e Empresa	Portugal	Instituto Politécnico do Porto	20/04/2026	21/04/2026	4	8	Yes	420	211	631
Erasmus-STA	Gómez Suárez, Manuel Alberto	Facultade de Economía e Empresa	Germany	Westfälische Hochschule Zwickau	01/06/2026	05/06/2026	7	8	No	840	309	1149
Erasmus-STA	Amado Lorenzo, Antonio Gonzalo Pedro	Escola Técnica Superior de Arquitectura	Austria	Technische Universität Graz	04/05/2026	08/05/2026	7	10	No	840	309	1149
Erasmus-STA	López Rodríguez, José	Facultade de Economía e Empresa	Germany	Westfälische Hochschule Zwickau	01/06/2026	05/06/2026	7	8	Yes	840	309	1149
Erasmus-STA	Escourido Calvo, Manuel	Facultade de Humanidades e Documentación (F)	Poland	Politechnika Lodzka	22/06/2026	26/06/2026	7	8	Yes	630	395	1025
Erasmus-STA	Bobo Arce, Marta	Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	Slovakia	Univerzita Komenského v Bratislave	08/04/2026	14/04/2026	7	8	No	735	395	1130